

MEMORIA DA AVALIACIÓN DE RISCOS

1ª PROBA DA IV LIGA GALEGA DE TRAIL-O

4ª PROBA DA V LIGA GALEGA DE SPRINT O-PÉ

Noia

5 de outubro de 2024

1ª proba Liga Galega de TrailO
4ª Proba Liga Galega de Sprint

CONCELLO DE NOIA

Data das probas:
5 de Outubro
ás 17:00 e ás 17:30

Inscripcións ata:
29 de Setembro
ás 23:50

Máis info:
fegado.es

ORIENTACIÓN



ORGANIZACIÓN:

Asociación Deportiva e Cultural Arnela

Número de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta C-10978

INDICE:

1. [DESCRIPCIÓN DA PROBA OBXETO DA AVALIACIÓN DE RISCOS](#)
2. [DEFINICIÓNS](#)
3. [PASOS PARA COMPLETALA AVALIACIÓN DE RISCOS](#)
4. [MEDIDAS XENÉRICAS PARA REDUCILOS RISCOS / TRATAR FERIDOS](#)
5. [COBERTURA DA RESPONSABILIDADE CIVIL](#)
6. [POTENCIAIS SITUACIÓNS DE RISCO E METODOLOXÍA DE ACTUACIÓN](#)

ANEXOS:

[ANEXO I](#)

1. DESCRIPCIÓN DAS PROBAS OBXETO DA AVALIACIÓN DE RISCOS

4ª Proba da V Liga Galega de Sprint O-Pé

1ª Proba da IV Liga Galega de Trail-O

a celebrar o vindeiro sábado 5 de outubro de 2024.

Obxecto da Avaliación de Riscos.

O obxecto desta avaliación de riscos para unha proba de orientación a pé é examinar tódolos aspectos da organización e planificación da proba, os perigos potenciais, as persoas que poderían resultar afectadas, os procedementos xa existentes e aqueles que son preciso utilizar para minimizar os riscos. Atende a áreas que o organizador, o trazador e, no seu caso, o controlador, deberían considerar, de maneira que este non supoña unha gran carga de traballo adicional. Preténdense asegurar que tódolos aspectos relevantes se consideren dunha forma sistemática, para que non se esqueza ningún deles.

Nome da proba: 4ª Proba da V Liga galega de Sprint O-PÉ.

Data da proba: 5 de outubro de 2024

Lugar da proba: CASCO URBANO (Noia)

**Número esperado de
participantes:** 200

Avaliación efectuada por: David Lareo (ADC Arnella) **Data:** 12/06/2024

Avaliación revisada por: Antonio Piñeiro (ADC Arnella) **Data:** 19/06/2024

Nome da proba: 1ª Proba da IV Liga galega de Trail-O.

Data da proba: 5 de outubro de 2024

Lugar da proba: PASEO MARITIMO (Noia)

**Número esperado de
participantes:** 200

Avaliación efectuada por: David Lareo (ADC Arnella) **Data:** 12/06/2024

Avaliación revisada por: Antonio Piñeiro (ADC Arnella) **Data:** 19/06/2024

Organización das probas e datos de contacto.

Organizador	ADC ARNELA	
Director da proba	ANTONIO PIÑEIRO	646373657
Responsable de Seguridade	DAVID LAREO	649264427
Cobertura de primeiros auxilios	POR DETERMINAR (Ambulancia)	
PAC máis próximo	CENTRO DE SAÚDE NOIA	981842180
Hospital público máis próximo	HOSPITAL DE BARBANZA	981835985
Servicio continuo de urxencias	HOSPITAL HM ROSALEDA (URXENCIAS)	981551206

2. DEFINICIÓNS

Perigo: Estado ou condición de inseguridade, co potencial de ocasionar danos ós participantes ou a terceiros.

Avaliación de riscos: Medida da posibilidade de que un risco en particular cause danos e da gravidade do dano causado. Non é suficiente con realizar unha avaliación e identificalos perigos de alto risco (si os houbera); deben levarse a cabo as accións para reducir o risco de tales perigos a un nivel aceptable.

3. PASOS PARA COMPLETALA AVALIACIÓN DE RISCOS.

A avaliación de riscos deberá ser cuberta polo organizador, consultando con outro persoal autorizado da proba. O controlador, no seu caso, deberá revisala. O organizador deberá gardar unha copia da avaliación de riscos, que terá dispoñible na proba. Entregarase unha copia a todo o persoal autorizado con tarefas de responsabilidade asignada.

1. *Examinalos perigos.*

Examinala lista de perigos na avaliación de riscos e decidir o nivel de risco que ditos perigos presentan. Marcar aqueles que concorran na proba. Pensar en que outros perigos específicos poidan xurdir en circunstancias particulares e engadir detalles dos mesmos onde corresponda.

2. *Decidir que medidas se van a utilizar para mitigar os perigos identificado.*

¿Que precaucións se van a poñer en marcha ou xa se iniciaron para mitigar os riscos dos perigos identificados? Exemplos xerais de boas prácticas detállanse nos seguintes apartados e cítanse as actuacións e os medios a utilizar para conseguir óptimos resultados. Engadirase tamén calquera outro ítem que se vaia a utilizar especificamente na proba. Hai que dar prioridade a aqueles riscos que afecten a un gran número de persoas e/ou poidan resultar en danos graves. Hai que considerar o impacto da idade dos participantes nos riscos identificados. ¿É posible:

- Eliminar completamente o risco (salvo os eventuais perigos inherentes a orientación)?
- Buscar unha opción con menos risco? Por exemplo, trazar arredor da zona.
- Evitar o acceso a un perigo (mediante vixilancia)?
- Organizar as cousas para reducila exposición ó perigo?

3. *Asignar responsabilidades.*

A responsabilidade sobre cada unha das accións identificadas debe ser asignada a unha persoa en concreto.

4. MEDIDAS XENÉRICAS PARA REDUCILOS RISCOS / TRATAR FERIDOS.

A seguinte lista é de medidas xenéricas de prevención en materia de seguridade/asistencia médica, que poderían aplicarse a calquera dos perigos identificados. A gravidade do risco e o número de participantes na proba determinarán o nivel de cobertura requirido.

FERIDAS E ENFERMIDADES

Existirá un equipo de primeiros auxilios básico da organización (Botiquín) para os membros da organización durante a preparación da proba.

O día da proba actuarase do seguinte xeito:

- Centralizárase a información a través do responsable de seguridade da proba (David Lareo) e do director da proba (Antonio Piñeiro) e o seu número de contacto será accesible a todos os participantes a través da súa publicación nos mapas de todos os percorridos.
- En caso de ser necesaria algunha actuación, o coordinador do Servizo Médico e de Ambulancia no lugar da proba decidirá, xunto cos responsables anteriores que accións se levan a cabo.
- Disporase ademais do apoio do Servizo de Protección Civil de Ribeira.

Por último, a modo de información relevante, este documento de avaliación de riscos recolle os centros sanitarios máis próximos as probas así como as distancias e os itinerarios recomendados para a súa visita:

- Punto de Atención Continuada (PAC) de Noia

P.A.C. DE NOIA


S.A.P. de Noia

Dirección: Rúa república Argentina s/n 15200 Noia, A Coruña

Contacto:

- ☎ Teléfono do centro: 981 842 180

Coordenadas GPS: 42° 46' 49.1"N 8° 53' 4.4"W



- Hospital de Barbanza

HOSPITAL DE BARBANZA




Enderezo: Lugar Salmón s/n, Ribeira, 15993, A Coruña

Contacto:

- Teléfono do centro: 981 835 985

- Fax do centro: 981 865 320

Coordenadas GPS: 42° 35' 36.1"N 8° 59' 58.6"W




- Servicio Continuo de Urgencias do Hospital HM A Rosaleda

Dirección HM Rosaleda

C/Santiago León de Caracas, 1 - 15701, Santiago de Compostela. La Coruña.

Teléfonos de Contacto

- Centralita: 981 551 200
- Urgencias: 981 551 206



PARTICIPANTES PERDIDOS

Medidas preventivas:

1. Información sobre os trazados e seguridade a través dos boletíns das probas.
2. Recomendación dirixida os responsables dos clubs para orientar aos participantes con menor experiencia na orientación deportiva a inscribirse na categoría que por nivel lles correspondería.
3. Delimitación de perímetros de seguridade das zonas de competición, compostos por estradas recoñecibles e por elementos naturais inconfundibles.
4. Repaso das lista de saídas como comprobación dos participantes que iniciaron as probas.
5. Reconto de tarxetas e comprobación do sistema electrónico como comprobación dos participantes que finalizaron as probas.

6. Aínda que nas probas urbanas non sexa habitual a disposición dos corredores a levar teléfono móbil, dada a velocidade de carreira e a delimitación practicamente inequívoca do perímetro da mesma, podería ser unha boa opción para os participantes de escasa experiencia na orientación deportiva, a modo de elemento de seguridade.

Medidas activas de búsqueda:

(Entendemos que pola idiosincrasia da proba a posibilidade de que se produza algunha perda e extremadamente remota. Ademais, a continua presenza de persoas nas rúas das que botar man en caso de desorientación facilitan de maneira definitiva a reubicación dos corredores perdidos. Aínda e con todo, establecemos unha serie de disposicións a cumprir no caso hipotético de que se extravíe algún corredor).

1. Depositar a coordinación das distintas necesidades xurdidas da búsqueda na dirección da proba (Antonio Piñeiro).
2. Coordinar a búsqueda a través do responsable de Seguridade das probas (David Lareo) que decidirá equipos, medios e estratexias a levar a cabo para efectuar a búsqueda. Dentro dos medios dispoñibles para, nun momento dado, efectuar unha búsqueda estarían os responsables de campo e algún efectivo de saídas, voluntarios da Asociación Veciñal de Carreira, así como parte das duplicidades de persoal existentes situadas nas zonas de control dos pasos e da presaída.

5. COBERTURA DA RESPONSABILIDADE CIVIL

- a) En principio, tódolos participantes deben estar en posesión da correspondente licenzia federativa anual individual, expedida pola Federación Española de Orientación, que inclúe o titular da mesma na correspondente póliza de accidentes deportivos.
- b) Os participantes carentes de dita licenzia anual, están obrigados, como condición de inscrición, a aboar unha cota dirixida a obtención dunha licenzia de proba, coa mesma cobertura que a licenzia anual.
- c) En canto á responsabilidade civil, a proba, dado o seu carácter oficial, queda cuberta co seguro de responsabilidade civil contratado pola Federación Española de Orientación (FEDO) coa compañía Aseguradora Markel Insurance SE España, a través da póliza nº 020S00016RCG, á que se pode acceder a través do seguinte enlace:
<https://www.fedo.org/web/ficheros/federacion/licencias/2024/seguro-deportivo/FEDO-RC-Condicion-Particulares.pdf>
- d) Ademais, e polos mesmos motivos expostos no epígrafe anterior, a proba queda cuberta fronte a accidentes deportivos mediante o seguro contratado pola Federación Española de Orientación (FEDO) coa compañía Aseguradora Allianz, Compañía de Seguros e Reaseguros S.A. a través da póliza 042728618, a que se pode acceder a través do seguinte enlace:
<https://www.fedo.org/web/ficheros/federacion/licencias/2024/seguro-deportivo/Poliza-Allianz-Fed-Esp-Orient-SP.pdf>
<https://www.fedo.org/web/ficheros/federacion/licencias/2024/seguro-deportivo/Anexo-poliza-42728618-FEDO.pdf>
- e) Así mesmo, os nenos federados en idades comprendidas dende os 6 aos 16 anos estarían cubertos pola Póliza da Xunta a través de Xogade, e a que se ten acceso a través do seguinte enlace:
https://xogade.xunta.gal/adjuntos/documentos/16_1_r.pdf
O protocolo a seguir nestes casos ven explicado tamén no seguinte enlace:
https://xogade.xunta.gal/adjuntos/documentos/9_1_p.pdf
- f) Por último, o club ADC ARNELA posúe, ademais, un seguro de responsabilidade civil, PÓLIZA **RS-G-426.000.791**, subscrita coa compañía **GENERALI ESPAÑA**, que

responderá a calquera circunstancia derivada dos danos provocados fora das garantías que cubran os anteriores seguros.

6. POTENCIAIS SITUACIÓNS DE RISCO E METODOLOXÍA DE ACTUACIÓN

1. RISCOS VENCELLADOS A ESVARACIDADE DOS PAVIMENTOS

Unha das especificidades vencelladas aos riscos das carreiras en espazos urbanos e a posibilidade de atoparnos con pavimentos esvaradíños. (Distintas superficies de escaso agarre tales como empedrado cun grao alto de pulido, formigón pulido, madeira, zonas axardinadas, area, rochas...). A época do ano tamén pode facilitar a falla de agarre.

As medidas coercitivas adoptadas para minimizar estes riscos son:

- Deseño dos percorridos por parte do trazador que eviten na medida do posible estes perigos.
- Comunicación a través dos distintos boletíns das probas dos riscos e posibles situacións relacionadas coas situacións peculiares que se poden encontrar os corredores, tales coma obras, balizados e demais.

As medidas a adoptar por todo corredor participante deste tipo de probas serán:

- Utilización de calzado adecuado a este tipo de carreiras, con bo agarre e pouco desgaste.
- Extremar a precaución tanto nos cambios de superficie como nos cambios de dirección ou de apoio.
- Adaptar a velocidade de carreira en función do estado do firme, priorizando sempre a seguridade.

2. RISCOS VENCELLADOS A SEGURIDADE VIAL

O tráfico rodado non estará cortado o día da proba. Aínda e cando a intensidade circulatoria non será elevada dadas as características das rúas que conforman a zona de competición, a existencia de tráfico rodado, por moi anecdótica que resulte, pode supor un risco potencial para o corredor.

As medidas coercitivas adoptadas para minimizar estes riscos son:

- O trazado dos percorridos e tal que evita puntos perigosos e facilita cruces seguros de todas as estradas.

- As eleccións de rutas ofrecen distintas alternativas que evitan todas os puntos entendidos como conflictivos.
- Sitúanse controladores de campo para que os cruces de estradas mais singulares se realicen de xeito adecuado polos corredores.

As medidas a adoptar por todo corredor participante deste tipo de probas serán:

- Os corredores deberán utilizar os pasos de peóns cando crucen unha estrada que os presente.
- Os corredores deberán circular polas beirarrúas nas estradas que as conteñan, e no caso de que non existan circularán o mais próximo os beirís.
- Os corredores estarán considerados como un peón mais, e como tal deberanse comportar, de xeito que terán a obriga de cumprir en todo momento o Regulamento Xeral de Circulación.

3. RISCOS VENCELLADOS A PRESENZA DOUTROS PEÓNS

O tratarse de actividades en zonas de competición de usos non restrinxido producirase unha convivencia con outros peóns non participantes na proba.

As medidas coercitivas adoptadas para minimizar estes riscos foron:

- O trazador tivo en conta nos percorridos as zonas mais sensibles a interferencia doutras actividades e persoas.
- Notificouse o Concello do abanico horario que abrangue a proba para que non se programaran outras actividades.
- No obstante, en caso de calquera novidade en canto a confluencia con outras actividades Informarase a través dos distintos boletíns das probas.
- Poranse carteis informativos da proba no perímetro da zona de competición, para que os confluente e veciños extremen as precaucións.

As medidas a adoptar por todo corredor participante deste tipo de probas serán:

- Extremar as precaucións nos xiros nas esquinas das rúas, así como nos lugares onde existan probabilidades de impacto con outros peóns, tales como saídas de portais de edificios de vivendas e establecementos, garaxes, etc.
- Na medida do posible, e nos lugares onde non haxa tráfico rodado, o corredor deberá facilitar a súa visibilidade usando trazadas que non compriman o espazo urbano. Por exemplo, cando o corredor vaia a xirar nun cruce de rúas peonís farao sempre que poida pola zona central do mesmo, sen axustar a trazada á esquina, evitando con elo impactos fortuítos por falta de tempo de reacción.

4. RISCOS VENCELLADOS A ESTRADAS DE ALTA INTENSIDADE CIRCULATORIA

Existe nos percorridos algunha vía con intensidade de tráfico rodado, como pode ser a estrada AC-311 no tramo que rodea a alameda e os seus redores, a estrada AC-550, ou a Rúa Ferreiro.

As medidas coercitivas adoptadas para minimizar estes riscos foron:

- O trazador tivo en conta nos percorridos esta posible situación de risco e prohibiu a súa utilización durante a carreira, establecéndose uns puntos de paso únicos que os participantes han de utilizar cando a teñan que cruzar. Estes puntos de paso contarán con vixilancia permanente a cargo tanto de membros de Protección Civil (en caso de dispor dos seus servizos) como da propia organización da proba oportunamente instruídos para esta tarefa. Os participantes quedarán debidamente informados destes puntos tanto nos boletíns informativos da proba como no propio mapa de competición, onde a prohibición de circular pola devandita estrada estará reflexada ca utilización do símbolo de **ruta prohibida** número 711 correspondente da cartografía específica de Orientación (**X**) en toda a extensión das estradas anteriormente mencionadas, e co símbolo número 710 de **punto de paso obrigatorio** (**()**).

As medidas a adoptar por todo corredor participante deste tipo de probas serán:

- Ademais de cruzar as devanditas vías polos puntos sinalados para tal efecto, no caso de poder utilizar a beirarrúa destas estradas o corredor deberá extremar as precaución e nunca botar pe fora da beirarrúa cara a calzada, baixo pena de descualificación da proba.

5. RISCOS VENCELLADOS AS CONDICIÓN CLIMÁTICAS

As condicións promedio de temperatura en Noia para o mes de Outubro son de 16°C de máximas polo día de 11°C de mínimas.

A nubosidade situase en torno o 60% para esta época do ano e as probabilidades de precipitacións redúcense no histórico a un 45 %.

Atendendo a estes datos estadísticos a data elexida para a realización das probas que nos ocupan ofrece unhas condicións óptimas para o realizar o deporte de Orientación. No obstante como medida preventiva básica prestarase especial atención os boletíns meteorolóxicos na zona para o 5 de outubro.

En caso de risco sobrevido notificarase a corredores e clubs por todos os canles dispoñibles das actuacións a levar a cabo, sen descartar anulacións de probas de ser necesario.

ANEXO I PREVISIÓN METEOROLÓXICA PARA O DÍA DA PROBA



As condicións de temperatura agardadas para o día da proba en Noia son de 19°C de máximas no horario de competición.

Agárdanse tamén choivas de carácter débil e ventos de sur de ate 21 km/h, polo que se recomenda extremar as precaucións tanto polas condicións derivadas da presenza de auga no entorno urbano como polas circunstancias derivadas de refachos de vento de certa intensidade.